

## A “LINGUA DA LIBERDADE” E OS *PATOIS*. UTILIZACIÓN DO OCCITANO NA PROPAGANDA POLÍTICA DURANTE A REVOLUCIÓN FRANCESA

M<sup>a</sup> Carmen Alén Garabato<sup>1</sup>  
*Universidade de Santiago de Compostela*

As historias da Revolución francesa non adoitan tratar o problema lingüístico, e sen embargo, este foi unha preocupación constante para os revolucionarios. Proba desto é que, se ben antes de 1789 a lingua fora obxecto de medidas ocasionais e dispersas, de 1790 a 1794 pode falarse dunha verdadeira “política lingüística”<sup>2</sup>. O problema lingüístico xurdía dunha situación real tan complexa que Grégoire non dubida en dicir no seu *Rapport sur la nécessité et les moyens d’anéantir les patois et d’universaliser l’usage de la langue française*: “[...] nous sommes encore, pour le langage, à la tour de Babel, tandis que, pour la liberté nous formons l’avant-garde des nations” (Certeau et al., 1975: 302). O francés, en efecto, distaba moito de ser a lingua de tódolos franceses<sup>3</sup>:

“on peut assurer sans exagération qu’au moins six millions de Français, surtout dans les campagnes, ignorent la langue nationale, qu’un nombre égal est à peu près incapable de soutenir une conversation suivie; qu’en dernier résultat, le nombre de ceux qui la parlent n’excède pas les trois millions” (Rapport sur la nécessité ... repr. en Certeau et al., 1975: 302).

Esta situación foi mantida, e incluso favorecida (aínda que non intencionadamente), polo Antigo Réxime. En opinión de R. Balibar e D. Laporte, o mantemento destas linguas fronte a unha lingua de elite (o francés) contribuía á submisión das masas traballadoras, xa que eran verdadeiras barreiras lingüísticas que reducían ata o límite calquera identificación de clase contra o poder (Balibar-Laporte, 1976: 34-35). Os revolucionarios, na súa procura da igualdade, van perseguir a expansión do francés entre todo o pobo e, en consecuencia, a

---

<sup>1</sup> Facultade de Filoloxía, Av. de Castelao s/n 15705, Santiago de Compostela, España; Tel. 34 81 575340 (ext. 11769); E-mail: fgalen@usc.es

<sup>2</sup> O autor que fai un estudio máis amplo das medidas políticas en materia lingüística emprendidas durante a Revolución, e no que se basea a nosa análise, é F. Brunot (Bronot, 1967). A súa interpretación xacobina e algúns erros cronolóxicos foron sinalados por Alcouffe e Brummert (1985) e Vecchio (1989), entre outros. Guilhaumou e Maldidier (1988) fan unha análise da traxectoria que seguiu a conciencia lingüística dos revolucionarios. Para unha máis ampla información e bibliografía dos acontecementos revolucionarios e da produción de textos propagandísticos en occitano, véxase Alén, 1996.

<sup>3</sup> Barère enumera no seu *Rapport du Comité de Salut public sur les idiomes*, no ano II da República, cales son os “idiomas” “les plus contraires à la propagation de l’esprit public”: o Bas-Breton, o alemán (prusiano e austríaco), o vasco e o corso. Ademais destes catro “idiomas”, falábanse en Francia unha vintena de “patois”; segundo informa Grégoire, tamén no ano II da República: só hai quince departamentos do interior onde se fale exclusivamente a lingua francesa, e aínda alí experimenta alteracións importantes en canto á pronunciación ou ó léxico” (Certeau et al., 1975: 301).

destrucción dos patois e “idiomas”. A ideoloxía que os move queda perfectamente reflectida nas palabras de Sylvain Maréchal, representante dos xacobinos:

“La langue doit être une comme la République. [...] Hommes libres quittez le langage des esclaves. Admissibles à toutes les fonctions par vos droits de citoyens, instruisez-vous pour en remplir les devoirs. La connaissance de la langue natale est la première science à vous procurer, il faut que la langue française vous soit aussi familière que la liberté. Un patriote doit savoir lire, écrire et parler la langue de son pays [...] Autrefois les despotes, les nobles, les riches et les prêtres n’étaient point fâchés d’entendre le peuple s’exprimer en termes grossiers; eux, au contraire affectoient un idiome recherché, c’étoit comme une barrière aristocratique qu’ils élevoient entr’eux et le peuple. Mais aujourd’hui que nous sommes tous égaux, tous frères, parlons-nous avec franchise et décence; respectons-nous dans nos discours comme dans notre maintien! Il faut que le premier des Peuples soit en même temps celui qui parle le mieux” (*Tableau historique des événements révolutionnaires depuis la fondation de la République jusqu’à présent rédigé principalement pour les campagnes, au an III de la République*, Duffard, imprimeur libraire, Paris (Chauraud, 1989: 2)).

En efecto, os patois e “idiomas”, segundo os revolucionarios, non só van en contra do dereito á igualdade, senón que, ademais, impiden a comunicación co pobo e son un terreo fácil para a contra-revolución. Por eso, do 14 de xaneiro de 1790 a setembro de 1794 multiplicáronse as medidas políticas referidas á lingua. Podémoslas agrupar en tres grupos moi relacionados entre si e que se sobrepoñen ó longo do período revolucionario:

1. Medidas destinadas á difusión do francés. Xa en 1790, Talleyrand expón á Asemblea o seu desexo de estender a lingua nacional a todo o país co fin de poder comunicar con tódolos cidadáns, e, en consecuencia, de eliminar o resto das linguas<sup>4</sup>. A partir dese momento sucédense as medidas: nese mesmo ano créase un comité de instrución pública, en 1793 un decreto institúe as escolas primarias, sucédense os proxectos de educación, etc. Os problemas foron moitos, pero lograronse obxetivos importantes: a escola primaria estendeuse ó campo, e a lingua francesa introduciuse en rexións antes só ocupadas polos patois. Iníciase así o proceso irreversible de instalación do francés no uso oral. Aínda que haberá que esperar á III República (1881) para que se poña en práctica a política lingüística de destrucción dos patois, que soñaban Grégoire e a Revolución (Boyer, 1993), e para que a escolarización se faga obrigatoria, acelerando así o proceso de substitución xeneralizada do occitano polo francés.

2. Medidas represivas contra os *patois* e “idiomas”. Se ben xa Grégoire en 1790 parecía ter en mente o proxecto de promover o francés e de eliminar as “outras linguas”, as medidas de tipo represivo non toman pulo ata 1793, cando os “representantes en misión”, enviados ás rexións que tiñan “idiomas” diferentes, ven que estes, non só impiden o progreso

da Revolución a modo de obstáculos pasivos, senón que, ademais, son un foco de resistencia que favorece a propaganda contra-revolucionaria. O 27 de xaneiro de 1794 Barère, en nome do *Comité de Salut Public*, denuncia ante a tribuna os perigos que supón para a República a existencia dos “idiomas”, as súas palabras quedan recollidas no seu *Rapport du Comité de Salut Public sur les idiomes*:

“Citoyens, les tyrans coalisés ont dit: l’ignorance fut toujours notre auxiliaire le plus puissant; maintenons l’ignorance; elle fait les fanatiques, elle multiplie les contre-revolutionnaires; faisons rétrograder les Français vers la barbarie: servons-nous des peuples mal instruits ou de ceux qui parlent un idiome différent de celui de l’instruction publique (...). Le fédéralisme et la superstition parlent bas-breton; l’émigration et la haine de la République parlent allemand; la contre-révolution parle l’italien et le fanatisme parle le basque. Cassons ces instruments de dommage et d’erreur” (Certeau et al., 1975: 291).

Tómanse entón as medidas oportunas. As máis enérxicas ían dirixidas contra os “idiomas”: decídese o nomeamento no prazo de 10 días de mestres (que non fosen ministros do culto) destinados a tódolos departamentos onde se falaba italiano, vasco, alemán ou baixobretón, para que ensinasen a lingua francesa e a Declaración dos Dereitos do Home ós cidadáns novos de ámbolos dous sexos, quedando os pais obrigados a envialos ás escolas públicas. Prodúcese tamén durante esta época o chamado terror lingüístico en Alsacia, ó seren decretadas alí medidas especiais: prohibición de utilizar outra lingua que non fose o francés en calquera acto público, nas inscricións dos edificios públicos (as existentes debían ser borradas), etc. Tómanse tamén medidas violentas ó chegar a considerar que ignorar o francés era un crime; propoñerose incluso, aínda que non se levara a cabo, transplantar ós cidadáns de Alsacia a rexións do interior ata que se convertan, ó tempo que o seu posto sería ocupado por unha colonia do interior da República, ou que ningún posto público puidera ser ocupado por alguén que ignorase a lingua francesa.

En canto ós *patois*, máis que un perigo, eran considerados unha molestia que non comprometía a seguridade da República. A súa destrución non era un asunto de orde pública, pero si algo útil para a República. Grégoire, no seu *Rapport sur la nécessité...*, presenta unha serie de medidas que cómpre tomar para estender o uso do francés e reducir o dos *patois*: difusión de periódicos e de libretos en francés (non de gordos libros que “épouvantent le goût et la raison”) de exaltación patriótica, sobre a meteoroloxía, a física elemental, de anécdotas históricas ou instructivas; proponse tamén perseguir o uso dos “jargons” nos teatros, a creación dunha policía que rectificase as insignias que “outragent la grammaire” e un plano

---

<sup>4</sup> Assemblée Nationale, 10 sept. 1791, *Rapport au nom du comité de constitution, par Talleyrand-Périgord, ancien évêque d’Autun*, arch. parl. Ie s., XXX: 472 (cit. en Brunot, 1967, IX, 2a parte: 13-14).

sistemático para repudiar as denominacións “absurdas” de rúas e prazas (*Rapport sur la nécessité...*, reproducido en Certeau et al., 1975: 310-315). O decreto de Grégoire será enviado ás Sociétés populaires e a tódalas comunas da República; sen embargo, as medidas que tomou a Convención despois de escoitalo non responderon ás expectativas.

3. Medidas destinadas á difusión das ideas revolucionarias (traducións, propaganda, discursos, sermóns...) que aceptan por necesidades prácticas a variedade lingüística. Os principios e, sobre todo, o triunfo da Revolución esixían unha campaña de información popular en todo o territorio francés, na que se explicasen e divulgasen unha serie de cuestións claves para o avance revolucionario. O desexo e a urxencia de entrar en contacto co pobo explica que durante este período se multiplicase de forma vertixinosa a impresión de panfletos (tanto a favor como en contra das medidas revolucionarias), follas soltas, textos de cancións, pequenas dramatizacións, etc. onde o tema político ou pseudopolítico está presente... A maioría destes textos están escritos en francés, lingua da nación, xa que na comunicación cos iletrados imponse a forma oral, e non hai ningunha necesidade de imprimir en occitano ou noutra lingua un discurso redactado ou impreso en francés, que o “letrado local”, intermediario habitual, converterá facilmente en *patois* (Fournier, 1991: 23). Sen embargo, e en contradición con isto, a produción e impresión deste tipo de textos nos “idiomas” e *patois* sentenciados é relativamente importante: consérvanse textos en vasco, bretón, picardo, normando, franco-provenzal... aínda que ata hoxe non existe a penas información da súa cantidade nin contido (Martel, 1989: 220-221).

O caso occitano é diferente, existe un inventario que logrou identificar máis de 200 textos en todo o Midi francés, produción insignificante se a comparamos coa francesa (só na Biblioteca Nacional de París atópanse uns dezaioito mil textos anónimos) pero importante en relación co resto das linguas e dialectos (*vid.* inventario en Boyer et al., 1989). Trátase dun corpus variado en canto á forma (discursos, cancións, diálogos didácticos, himnos patrióticos, sermóns de curas ós seus parroquianos, actas de asembleas, etc.). O destinatario destes textos era o pobo, fundamentalmente os campesiños, occitano-falantes e, na súa maioría, analfabetos. Atopámonos, como xa sinalaron Boyer (1985) e Martel (1985), ante unha situación paradoxal. Por un lado está o contraste entre a teoría e a práctica. É dicir, os revolucionarios rexeitan e pretenden aniquilar os *patois* e “idiomas” e asemade empréganos na súa comunicación co pobo. Pero ademais, estes textos eran impresos e difundidos ¿para que, se o pobo non sabe ler, e, se o fai, é capaz de ler o francés (xa que a alfabetización só se daba nesa lingua) e non precisa do occitano?

O estudio da produción impresa na vila de Tolosa (máis dunha cuarta parte da produción de todo o Midi francés), levounos a unhas conclusións na nosa tese de doutoramento (Alén, 1996) que pretendemos agora completar e contrastar coa análise doutro subgrupo da produción en occitano constituído polos textos que empregan, mesturados de distintas maneiras, o francés e o occitano (e en ocasións o *francitan*<sup>5</sup>), e que significa outra cuarta parte da produción occitana. Pensamos que é na convivencia textual das dúas linguas nun mesmo escrito onde se poden apreciar as representacións, de cada unha das linguas, os estereotipos de cada falante, e, en última instancia, a finalidade do emprego do occitano. Se en ocasións a utilización nun mesmo impreso de occitano e francés non parece ser máis que unha convivencia inocente de dúas linguas, que fai que se impriman nun mesmo folleto un texto francés e outro occitano, noutras vese que responde a unha estratexia ben definida.

O caso de texto bilingüe, en principio, máis desprovisto de connotacións estereotipadas é o de aqueles que van precedidos ou seguidos dunha tradución literal e “automática”. Tal é o caso, por exemplo, da tradución da *Constitution française* (vid. anexo, texto 1), que presenta o texto en francés nas páxinas pares e o occitano nas impares, cunha tradución a modo de espello. Trataríase, como expón o autor de “instruiré aqueles que coumprenièn pa, vo qué sa bié pas légi lou francèz, també per émpâcha qué dé maou-intenciounas én l’i explican la Constitucien, nou li diguessoun uno cavo per uno aoutro”. Este e outros textos son o resultado dunha serie de medidas tomadas en 1790 e 1792 pola Asemblea que promove a tradución e a publicación dos decretos en tódolos “idiomas” que se falan en Francia, como único medio de entrar en contacto con todos aqueles que ignoran a lingua francesa. A política das traducións fracasou no seu obxectivo, xa que dificilmente os *patois*, ata entón alleos a asuntos políticos, con infinidade de variantes dialectais, carentes de norma e pouco ou nunca representados por escrito, podían expresar de inmediato o novo dereito, as súas reformas e os seus procedementos (Schlieben-Lange, 1985: 102-103). Por outro lado, de pouco lle servía a unha persoa analfabeta escoitar os complexos decretos nunha lingua chea de galicismos e coa estrutura do francés.

Esta incompreensión fai, posiblemente, que xurdan textos onde non hai exactamente unha tradución, senón unha glosa en occitano, destinada ó auditorio non francófono, que segue o texto en francés. Isto é o que sucede na *Délibération du Conseil Général de tous les Pères de Famille de la ville Sisteron*. Trátase das actas dunha asemblea, nas que, tras unha longa intervención en francés, emprégase o occitano para que os participantes occitanófonos

---

<sup>5</sup> Interlecto franco-occitano (vid., entre outros, Lafont, 1984; Gardy, 1988; Boyer, 1990).

poidan seguir a sesión sen problemas, a así se presenta: “Ausou sublar a mes aureilles qu’uno troupo de gens dau pople n’auson qu’à mità ce que se dis. Un moment de patienço, braves gens: vous vau explicar de qu’es questioun dins lou lengatgi que vous es lou plus familier”. Martel, que estudiou este impreso, insiste na separación que existe entre o orixinal e a traducción. Segundo el, a mensaxe política só pasa ás capas populares se antes é modulada na linguaxe desas capas; a traducción xoga o papel de filtro: a información comunicada ó baixo pobo en occitano é cualitativa e cuantitativamente inferior á que se daría en francés (Martel, 1985: 293):

“Des attaques contre les privilégiés, il ne reste pratiquement rien. Le thème de l’inégalité devant l’impôt n’est qu’ébauché. Le blocage des carrières est, lui, totalement absent. quant aux réserves finales du texte de Teissier, et à son appel à la vigilance, c’est comme si elles n’avaient jamais existé. Rien ne trouble l’hommage à Necker et à Louis XVI. Par ailleurs, l’auditeur occitanophone aura du mal à comprendre au juste comment fonctionnent les états de Provence, et ce qui les distinguedes Etats Généraux” (Martel, 1985: 292).

Esto leva a Martel a falar de “traizón”, de “censura” e de emprego do occitano como un simple “chisco de ollo do Tiers ó baixo pobo” (Martel, 1985). Esta interpretación foi discutida por Mauron e Emmanuelli, que consideran que se trata dunha simple proxección das fantasmas occitanas modernas (Mauron & Emmanuelli, 1986, 13, n. 2). Boyer, insistindo no feito de que non se trata dunha traducción, senón dunha explicación, tal como anuncia o seu autor, considera que, ademais de estar diante dun caso de autenticidade sociolingüística, atopámonos ante un xesto de publicidade que se inscribe nuha estratexia comunicativa máis complexa. Boyer supón inevitable e incluso prevista a oralización, probablemente pública, destes textos, tanto das traduccions como das produccions escritas expresamente en occitano. Considera que a impresión e difusión destes textos é un xesto de publicidade e chega á conclusión de que se pode falar dunha estratexia con múltiples efectos: no que concirne ó pobo, explícaselle en occitano, e en termos moderados (neso coincide con Martel) o que está en xogo para a Revolución e as súas peripecias, pero sobre todo, búscase gañalo/conservalo para unha causa, ou polo menos neutralizalo; no que concirne ó letrado, afirmaselle a importancia do seu estatuto bilingüe e do seu lugar na circulación do discurso político, ó oínte, pero tamén ó lector móstraselle que se ten en conta a súa identidade sociolingüística, que se respecta o *patois* ou o idioma dos habitantes do Midi. Con todo esto obtense unha rendibilidade política en dúas vertentes: a da información (explicar, refutar, convencer, exhortar) e a da publicidade (adular, lexitimar, implicar, tranquilizar...) (Boyer, 1989: 456-457).

Nalgúns textos, de feito, ponse de evidencia o seu dobre destinatario: o lector e o oínte. Referímonos ós textos en occitano nos que as notas explicativas a pé de páxina, as indicacións didascálicas nas pezas de teatro ou diálogos, ou simplemente o título están en francés. O autor escribe para o pobo analfabeto en occitano, pero é consciente de que non poderá lelo e deberá escoitalo de boca dun intermediario que coñeza as dúas linguas. Na comunicación con este “letrado” imponse o francés, lingua das xentes instruídas, a única que utilizan os patriotas.

Unha situación interesante prodúcese nas actas de asembleas, redactadas en francés, que reproducen determinadas intervencións de xentes que falan occitano. Aínda que estas actas reflicten a situación sociolingüística do momento, non era esa a intención dos revolucionarios. Polos textos que analizamos, non parece que a impresión destas intervencións se fixera sistematicamente nin que se reproduciran sempre na lingua en que foran pronunciadas. A asemblea decidía estratexicamente a impresión de determinados discursos en occitano, motivada polo interese que presentaban, e polo valor edificante e mimético que se supoñía era favorable para a Revolución. O emprego do occitano dá-lle máis autenticidade ó discurso, e ademais mostrá-lle ó pobo que a Revolución tamén lles incumbía a eles (véxanse, por exemplo, no anexo os textos 2 e 4).

Pero neste tipo de impresos, que reproducen intervencións en occitano, a manipulación da figura do occitano-falante é, a miúdo, evidente. Así no texto *Discours que prononça Granet...* (vid. anexo, texto 3) o occitano falante aparece como un home sinxelo, que chora polo seu único fillo, que perdeu un brazo na guerra, por culpa do Rei. O discurso en occitano non é inocente, xógase coa sensibilidade do oínte que escoita a ese pobre home que fala co corazón, e en occitano (lingua propia, lingua dos sentimentos). O resto do discurso está en francés. Este texto recorda a moitos sermóns, moi frecuentes en Tolosa, que se valen da chantaxe afectiva para gañar o auditorio para a súa causa. A “folclorización” do occitano falante percíbese aínda máis no texto *Discours des patrons pecheurs de Marseille prononcé à l'Assemblée Nationale et celui de M. Mirabeau, qui leur a servi d'interprète* (vid. anexo, texto 4), que pon en escena ós “hommes de la nature” (Bertrand, 1987), que teñen uns costumes simples e non están corrompidos pola educación e a urbanidade ficticias... Nel bótase, ademais, habilmente man da sabedoría dos máis vellos, para darlle máis autoridade á mensaxe; como noutros moitos textos que analizamos recórrese á tradición, ó sentido común ou á evidencia.

O reparto de papeis que lle corresponden ó occitano-falante e ó francófono e a situación diglósica do momento, aprécianse facilmente nos diálogos nos que os personaxes, segundo o seu status social, falan francés, occitano ou *francitan*, manténdose así a xerarquía de cada lingua. O diálogo titulado *Le seul bon sens* (vid. anexo, texto 5) presenta unha distribución de personaxes e de linguas que non parece ser, en absoluto, fortuíta: o “sentido común” atópase no francófono M. Franckin, avogado, e no occitanófono Berdalou, cultivador das viñas, mentres que a indecisión pertécelle a Sieur Piccard, mestre carpinteiro, social e lingüisticamente (fala *francitan*) situado entre os outros dous personaxes (Boyer, 1989: 444-446). O título doutro texto é moi significativo: *Un pan de nas, ou le sourtileche lebat. As manels coum’as fols, a toutis embalado* (vid. anexo, texto 6) “un palmo de narices, ou o sortilexio desfeito. Os débiles coma os tolos, tragounos a todos”. Trátase dun diálogo contrario á Revolución no que precisamente o personaxe un tanto carnavalesco que se deixou convencer polas novas ideas (chamado *La Flamberjo*, “persoa alta e delgada, de movementos desacompasados”) tamén o fixo lingüisticamente, e intenta expresarse en francés, obtendo un *francitan*, e por eso é desprezado polos outros dous personaxes, que falan occitano, e que son, precisamente *M. Toutsens* “señor Todo o sentido” (notario) e o seu sobriño. Este personaxe representa o que algúns chamaron o *francimand* ou *franchimand*, occitano que intenta falar en francés<sup>6</sup>. Precisamente, cando *La Flamberjo* comeza a entrar en razón abandona o *francitan* e volve a súa lingua materna, o occitano.

A análise, en concreto, dos diálogos bilingües impresos en Tolosa (6 diálogos, que representan case a metade dos que se conservan en todo o Midi) lévanos ás seguintes conclusións. 1. Os personaxes que se consideran “política e socialmente correctos” (que serán distintos segundo que o autor se posicione a prol ou en contra da Revolución) falan francés ou occitano segundo o seu status social: os labregos e o baixo pobo en xeral fala occitano e as clases instruídas (un avogado, un notario) e os axentes da nación (a sentinela, o xeneral, etc.) falan francés, aínda que nun dos textos (vid. *Un pan de nas*), contrario á Revolución, aparece un notario que fala occitano. 2. Os personaxes que se consideran política e socialmente incorrectos (dependendo tamén da tendencia xeral do texto) falan francés nos textos favorables á Revolución e *francitan* nos contrarios. 3. Os personaxes indecisos ós que hai que

---

<sup>6</sup> *Francimand* ou *franchimand* pode significar tan só de modo despectivo o falante de francés do norte (Alibert 1966, s. v. *francimand*) ou ben pode referirse a un personaxe do Midi que intenta falar francés e que “porte sur son corps les marques dela faute collective, du péché d’orgueil [...]”. En lui convergent et se disocient deux grandes séries de métaphores sociales destinées à traduire et à prolonger le conflit linguistique: celle de la langue maternelle et celle, concomitante, de la bâtardise” (Gardy, 1988: 8).

convencer falan occitano e son labregos na súa maioría. Esta distribución dános unha idea das representacións que se lle outorga a cada lingua. O socialmente correcto é que cada grupo social siga mantendo a súa lingua. A influencia negativa vén polo francés (os contrarios á Revolución xogan coas connotacións negativas deste trazo de estranxeiría), que nalgúns personaxes é algo natural, propio da súa clase, e noutros algo mal adquirido que o converte en *francitan*. Quizais esteamos aquí ante unha mostra máis dese paradoxo do que falabamos ó principio: o francés representa ás clases cultas, ós que saben o que está ben, pero ó mesmo tempo incítase a desconfiar daqueles que falan esa lingua (de feito, a lingua do poder), xa que poden pretender enganar ó pobo occitano-falante.

Por último, hai que falar da consideración, xa non folclórica, senón francamente pexorativa do occitano que se atopa en dous textos, curiosamente contrarios á Revolución. Trátase de dous textos “serios”, un en prosa e outro en verso, que inclúen ó final un colofón a modo de “divertimento” (verso) en occitano. Ámbolos dous son impresos que pretenden deslexitimar a Sermet<sup>7</sup>. Son textos que xorden en resposta ó famoso discurso de Sermet diante da lexión de Saint-Giniez pronunciado en occitano, que sería o texto máis difundido do momento (consérvanse impresións feitas en Toulouse, Beziers, Montpellier e Montauban). As dúas respostas ás que nos referimos utilizan o francés para contestar o discurso de Sermet e logo o occitano para os versos ou cancións satíricas que xogan de contra-propaganda. É unha maneira de desprezar o uso do occitano por parte de Sermet e asemade de asegurar unha mellor difusión desta contra-propaganda entre o pobo. No texto titulado *Le Baladin demasqué* (vid. anexo, texto 7) tras quince páxinas en prosa escritas en francés, engádense 8 versos satíricos escritos en occitano, indicando a súa procedencia nun post-scriptum. O mesmo ocorre no *Moutet en l'aunou del Frère Sermet* (vid. anexo, texto 8), que aparece tras 30 páxinas en francés tituladas *Lettre en réponse à celle qu'à adressé P. Sermet au club des amis de la Constitution*. De novo, a súa presenza xustifícase nun PS, onde queda aínda máis clara a consideración negativa do occitano.

En conclusión, análise destes textos bilingües non fai máis que confirmar e completar as conclusións ás que chegamos na análise da produción tolosana (Alén, 1996: 336-342). ¿Cal é a finalidade destes impresos e do emprego do occitano? Evidentemente a principal función non é a informativa, e, de feito, a información que se dá en occitano (e mesmo en

francés) é moi pouca e de escaso interese. O que máis destaca é a maneira de ofrecela e a finalidade con que se dá: conseguir a adhesión do pobo a unha determinada causa. De aí tamén o tipo de textos que máis abundan (sermóns de curas ós seus parroquianos que xogan coa sensibilidade dos fregueses, cancións satíricas que desprestixian a diversos persoeiros, discursos cívicos, diálogos que proporcionan modelos a seguir...) e, as estratexias argumentativas que se poñen en funcionamento (emprego dos *exempla*, de proverbios e de citas de autoridade, chamadas ó sentido común, ó sentido práctico...). Neste proceso de información-persuasión pónense en práctica os estereotipos do home do sur e do occitano-falante, gracias ó emprego do occitano, pero tamén pola representación folclórica dos habitantes do Midi, ó que algúns autores denominaron o “etnotipo meridional” (Boyer, 1990: 108), caracterizado pola súa maneira de falar e a súa lingua: “l’*énergie des expressions, la force des images et une certaine naïveté propre à peindre la nature et les passions*” (Merle, 1987: 30). Este proceso de folclorización ten un paralelo na consideración sociocultural do pobo occitano-falante. Á imaxe do francés, que representa a cultura, a civilización, as leis e en definitiva, o poder (coas connotacións negativas que esto poida ter na imaxinación do pobo) oponse un campesiño occitano-falante inxenuo pero enérxico, que se guía polo sentido común máis que pola súa intelixencia. Na ideoloxía revolucionaria a consideración que se ten do occitano vai á par coa que se ten da súa lingua: a un pobo bo, simple e inxenuo hai que falarlle nunha lingua simple (en oposición ó francés, lingua da cultura), e darlle informacións pouco complexas, prácticas e do modo máis comprensible posible. A utilización, e máis concretamente, a impresión duns textos escritos en occitano e dirixidos a un receptor que non poderá lellos e deberá escoitalos de alguén alfabetizado en francés, podería ser unha estratexia para favorecer e asegurar a súa difusión. Pero esta non sería a súa única finalidade. O emprego do occitano é un argumento en si mesmo, que pretende minimizar a desconfianza do pobo cara ó francófono ou francimand, que se pon de manifesto nalgúns textos en frases como *Basés fraquieu que l’Assemblado nés pas biauto, et antant d’esprit et de boun sen que tu, et que rasouno dins soun franciman coumo tu rasounos en boun gascou*<sup>8</sup>. A política parisina pasa así polo filtro do occitano, converténdoa en algo máis próximo ó habitante do Midi, eliminando a desconfianza cara ó estranxeiro e cara á lingua que representara ata ese momento para o campesiño o poder e a opresión. En definitiva, os revolucionarios

---

<sup>7</sup> Primeiro bispo constitucional de Toulouse, e gran orador, tanto en francés como en occitano (estamos ante un dos persoeiros do momento que mellor soubo comprender a necesidade de empregar o occitano na comunicación co pobo).

comprenden a importancia da lingua na transmisión dunha ideoloxía: e non só como un simple instrumento, senón como un obxecto portador de representacións que van influir na actitude, positiva ou negativa, do pobo fronte ás novas ideas que chegan de París. Por eso, aínda que nunca abandonen o proxecto de eliminar os “idiomas” e *patois*, deciden estratexicamente servirse deles.

### **Anexos (fragmentos dos textos citados)**

**Texto 1.**(París, 1792) “ LA COUNSTITUCIÉN FRANCÉSO[...]

*[...] Leis décrets é lou dési coustant dé l'Assemblado-Naciounalo-counstituanto vouestro benefactriso é l'évangélisto daou moundé, éroun que leis leys counstitucionelos fousoun traduits dins touteis leis idiaoumés, lengagis é jargouns popularis daou Rouyaoumé. Soun intencien éro d'instruiré aquelis qué coumprenién pa, vo qué sa bién pas légi lou francèz, també per émpâcha qué dé maouintenciounas én l'i explican la Counstitucién, noun li diguessoun uno cavo per uno outro. [...]*

LA CONSTITUTION FRANÇAISE

DÉCLARATION DES DROITS

DE L'HOMME ET DU CITOUYEN

Les représentans du Peuple Français, constitués en ASSEMBLÉE NATIONALE, considèrent que l'ignorance, l'oubli ou le mépris des droits de l'Homme, soun les seules causes des malheurs publics et de la corruption des Gouvernemens, ont résolu d'exposer, dans une Déclaration solennelle, les Droits naturels, inaliénables et sacrés de l'Homme [...]

LA COUNSTITUCIÉN FRANCÉZO

DÉCLARACIÉN DEIS DRECHS

DÉ L'HOMÉ É DAOU CITOUYEN

*Leis Réprésentans daou Pople*

*Francèz, counstituas én ASSEMBLADO*

*NACIONALO, counsidéran qué*

*l'ignourénço, l'oubli ou lou mesprés deis*

*Dréchs de l'Homé soun leis souléto*

*caousos deis malurs publiqs é dé la*

*courrupcién deis Gouvernaméns, an*

*résoulu d'expousar, dins uno Déclaracién*

*soulamnello, leis Dréchs natureous,*

*inaliénablés é sacras dé l'hommé [...]*

ARTICLE PREMIER

Les hommes naissent et demeurent

libres, et égaux en droits. Les distinctions

sociales ne peuvent être fondées que sur

l'utilité commune”. [...]

ARTICLÉ PRÉMIÉ

---

<sup>8</sup> *Diálogo entre le péro Sermet et mêtre Guillaume, paysan del bilatche de...*

*Leis homés neissoun é distincciéns soucialos pouedoun estre demoueroun librés é égaous é dréchs. Lei foundados qué su l'utilitat coumuno.[...]*

**Texto 2:** (Lodève, 1793) “EXTRAIT DE LA SÉANCE DES AMIS DE L'ÉGALITÉ DE LODEVE”

[...] Le Citoyen PIERRE GUIRARD est monté à la Tribune et a dit:

*Présidén demandé la padaula.*

*Mé souï éngajat voulountairamén per défendr'la Patria, dison qué souï trop jouné pér parti, à co sérié mé fa tort qué de mén émpaja, préténdé parti, noun pas per dous mésés, couma lous autres, mais jusqu'à co siagué finit, ou qué lou col sauté.*

La Société a délibéré que ce sublime discours serait imprimé dans le même idiome qu'il a été prononcé.”

**Texto 3:** (Marsella, 1792) “DISCOURS QUE PRONONÇA GRANET [...] Nous venons aujourd'hui vous donner une nouvelle preuve, qu'on peut, sans cesser d'être Patriote, être pourtant d'un avis différent. [...] Je me transporte en idée à ma chère Marseille, j'entre dans ma section patriote, elles sont heureusement la majorité... Quel bruit épouvantable! ... où allez-vous?... Pourquoi ces yeux étincelans?... ces mouvemens brusques qui renversent tout ce qu'ils rencontrent? Un patriote me répond: *Es la sectien dei moussus que voou sauva lou Rei, aquel assassin... Tenés, regardas moun fiou unique, li manque un bras, mi poou plus seouri dins mei viei jours, et es lou Rei, lou 10 Aout qu'a mandat de suisse per embrassa aqueou paouré enfan per l'assassina en même tems, et voulés que toumben pas su d'aquelei couquins que lou soustenoun.* Qué lui répondrai-je à cet homme? Que lui repondriez-vous, Frères & Amis?. [...]”

**Texto 4:** (Marsella, 1790) Discours des patrons pêcheurs de Marseille: “[...] La députation des patrons pêcheurs de marseille a paru à la barre; de longs et de nombreux applaudissements ont retenti dans la salle à la vue de ces hommes de la nature, dont les moeurs simples ne sont point corrompues par l'alliage d'une politesse & d'une urbanité fictives. Le plus âgé de la députation a pris la parole & a dit: *Vei, MM., nous aoutri saven pas parla coumo fasci, mai saven senti, mai saven apprécia vosteï décrets et sauren tousicau prés à versa jusqu'o lo dernière gouto de nostre san quan lei faoudra sousteni,* c'est à dire: Oui, MM., nous autres nous ne savons pas parler comme vous, mais nous savons sentir, mais nous

savons apprécier vos décrets, et nous saurons toujours verser jusqu'à la dernière goutte de notre sang quand il les faudra soutenir". Les applaudissements ont redoublé & ils ont souvent interrompu l'orateur qui servoit d'interprète à ces honnêtes Citoyens. Leur adresse respire cette sensibilité douce, ce patritisme pur & naïf qui est l'élan de l'ame & de coeur. Après leur adresse, ces braves gens ont donné lecture d'une délibération prise par leurs Commettans, dans laquelle ils se proposent, pour exciter l'émulation des hommes qui se destinent aux travaux de la marine, de prendre 6000 liv. sur leur traitement, et de les répartir tous les ans entre 50 Matelots [...]

M. Mirabeau a paru à la tribune. "L'offre généreuse de ces bons Citoyens, a-t-il dit, est celle d'un coeur, et si vous ne l'acceptez pas, vous les affligerez profondément". Celui qui avoit parlé se retourne, & regardant l'orateur: *Quest'é la vérita...* De nouveaux battemens de mains font retentir la salle. "Je n'ai plus rien à ajouter, continue M. de Mirabeau, vos appaudissemens en disent assez: je demande seulement que le discours de ces *prudhommes*, ensemble leur délibération et les paroles *patoises* si touchantes du chef de la députation, *soient imprimées*, & que le président témoigne, par une lettre aux *patrons pêcheurs* de Marseille, toute la satisfaction de l'Assemblée, afin qu'une si louable émulation ne soit pas sans recompense". Cette motion a été adoptée à l'unanimité[...]"

**Texto 5:** (Tolosa (?), 1791) "LE SEUL BON SENS

M. FRANCKIN, Avocat. Le Sieur PICCARD, Maître Menuisier. JEAN BERDAULOU, Vigneron.

*BERD. [...] Sabi pas ço qué s'an anat querré aquelos gens de la Naciu. Sabets que fan jura tout le moundé? [...] Et bé? bolen pas élis tabé fa jura lés Capélas!*

PICC. Oui, j'avions entendu parler de ça; mais enfin, M. le Curé?

*BERD. Moussu'l Curé disen que, sé juro, se danno, et se juro pas, le tiraran de plaço, et n'aura pas ré mai. Cresets bous, Moussu Piccard, qu'aco sio justé?*

PICC. Moi j'avons juré et j'avous pas voulou nous damner; j'avons juré et j'avons pas eu rien. Mais c'etions domange qu'on otions tout à M. le Curé qui faisons tant de boun oeuvrés. Moi, je'endrions qu'on lui en donnions beaucoup davantage. Le pauvre homme; oh! ma sigues, ils etions bein brave.

*BERD. Et maï you tabé ei jurat... malurousomen, béleu!*

PICC. Malheureusomen! bon, bon, j'avions juré, tout est dit.

[...]BERD. *You tabé ei jurat plusiurs cops, et despey qué Moussu'l Curé bol pas jura, trobi qu'aquelis juromens me peson reddé dins l'estoumach.*

[...]PICC. Diantre! comme vous y allions tout d'un coup! en tout cas, écoutez, Jeanneau, il me venions une pensée qu'il n'étions pas tout-à-fait biscornue... j'avions la haut; là... loin, sur le derriere, un M. Franckin qu'il étions un homme bein savant... un grand Avocat; faut lui aller parler de ça il nous donnerons une consultation sur ça, et sans argent au moins.

BERD. *Séριοi pla embarrassat: despey qué nous disen qu'auren tant d'argen, las télos del faiset sé mé tocon: ei pla pouu que s'aiço duro, de loun-tens nou se désarrapen.*

PICC. Allons, moutons... serviteur bein vîte, M. Franckin, cet homme ici que véla, il avions beaucoup de peine d'avoir fait le serment. Oh! vous m'enrendions bein, vous. Et bein, il avious beaucoup de peine de çapourquoi Moussu le Curé vol pas jura.

M. FRANCKIN. M. le Curé est très-fondé en raison, mon cher Piccard. N'est-ce pas M. le Curé de...? J'ai l'honneur de le connoitre. Je ne puis que rendre hommage à ses talents, à sa capaciré, à ses vertus. Il a toujours été fidele à l'Eglise notre Sainte Mere, comme doit l'être tout bon chrétien [...]

**Texto 6:** (Tolosa(?), 1791) "UN PAM DE NAS, OU LE SOURTILETCHE LEBAT. AS MANELS COUMAS COUM'AS FOLS, A TOUTIS EMBALADO, SALUT ET PAX.

**DIALOGO entre la Flamberjo, Capoural de la Legiu; M. Toutsens, Noutari de Bieillo-Rocho; Pierrou, besi et filhol de M. Toutsens. La Flamberjo danso dins la carriero, en cantan:** ah, ça ira, ça ira, les Aristocrates à la lanterno, etc.

*P. Ex pla fier... Es per you qu'au cantats.- L. Tais-toi Aristoucratuo: bivo la liberté... Satro-blu, che t'estermine.- P. D'un aire mouqur et le montrant ambel dit: eh garo le fabarel!... Brabé Souldat de la Bierjo Mario, faset-me mal, se gausats... Bous cregni pas.- L. Attends, attends.- M.T., Au bejen, crido: qu'es aco, qu'es aco, Pierrou?... Ai, es bous, la Flamberjo; que bous a fait aquel drolle?.- L. C'est un poulissoun, un chien d'Aristoucrato.- P.Obe, soun Istoucrato: boli n'estre, et m'en fau aunou... Bous ex un flandrin et un bouto foc dins le quartié; en un mot, un Moucrato.- [...] M.T. La Flamberjo, un pauc de bon sens: besi que bostris Camarados ambe quelques soupas, et bostre uniforme, bous an fait bira le cantou; bous seguissex toutis coumo de moutous! quand éx boutats quicon dins le cap, le Diable bous au tirario pas... Boulex que bous digui qu'es aco qu'un Démoucrato? [...].- M.T. Un Démoucrato, m'entendés-be, es en aqeste moumen, un homme que rasouno mal en*

*poulitico, que quitto sa Religiou, et se fa Chismatic...Te boli pas parla de la Poulitico, n'en saben pas prou l'un et l'autre: mes per la Religiou, to faré besé...Laisso ton franciman: nou y es pas accoustumat: seren maï à nostre aisé.- L. O boli bé: coussi, un Démoucrato quitto sa Religiou! [...] L. Ça disen aro que n'aben pas res à fa ambel Papo: qué n'ou cal pas l'escouta, l'y demanda las Dispensos, les Casés Réserbats, le Jubilé: que nous es défendut de l'y au demanda, et à el de nous au accourda; et que nou cal pas maï y oubéi."*

**Texto 7:** (Tolosa (?), 1790) "LE BALADIN DÉMASQUÉ

[...]On vient de recevoir deux pieces au style des Légionnaires de Saint-Giniez; comme elles font sans doute un tribut authentique de ce qu'a mérité le Frère Sermet, on a cru qu'il ne conviendrait pas de les laisser dans l'oubli.

**STANCO**

*Per Fréro Hyacinto Sermet*

*Bos doun sabe ço que pensabo*

*Le drolle que se permenabo?*

*Jacinto, sio prou de dit,*

*Del cél seras forobandit.[...]"*

**Texto 8:** (Tolosa (?), 1790)

"[...] Comme tout ceci n'a été que du sérieux entre vous et moi, il nous faut quelque chose qui nous amuse; recevez en consequence une petite chanson que vous trouverez de votre gout, elle est en un idiome que vous entendez fort bien, et que vous pourrez apprendre aux paisans de St. Geniez; elle vous récréera un peu, d'autant que l'air y est parfaitement adapté; il est sur celui-ci:

"Oui, je croi, tout ce que le Credo renferme"

**MOUTET En l'aunou del Fréro SERMET, Almounié, é Predicayre de la Legiou de Sant-Giniés.**

*De naut en bas,*

*En sautant, paure misérable!*

*De naut en bas,*

*Anfin t'as espoutit le nas.*

*May te bailho beyré toun rable,*

*Jouts le bastou tout incurable,*

*De naut en bas.[...]***Bibliografía**

- Alcouffe, A., U. Brummert (1985), "Les politiques linguistiques des Etats Généraux à Thermidor", *Lengas*, 17, 51-79.
- Alén Garabato, M<sup>a</sup>C. (1996), *El texto propagandístico en occitano durante la Revolución francesa. La producción tolosana*, Tese de doutoramento publicada en microforma, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago.
- Alibert, L. (1966), *Dictionnaire occitan-français d'après les parlers languedociens*, Toulouse, Institut d'Études Occitanes.
- Balibar, R., D. Laporte (1976), *Burguesía y lengua nacional*, Barcelona, Avance.
- Bertrand, R. (1987), "Le 'langage patois' des 'hommes de la nature': la folklorisation des prud'hommes pêcheurs de Marseille dans le dernier tiers du XVIIIe siècle", *Amiras/repères occitans* 15-16, 9-26.
- Boyer, H., G. Fournier, Ph. Gardy, Ph. Martel, R. Merle, F. Pic (1989), *Le texte occitan de la période révolutionnaire (1788-1800)*, Montpellier, S.F.A.I.E.O.
- Boyer, H. (1989), "Le patois efficace? Une approche sociopragmatique des mises en texte de la Révolution en langue minorée", in H. Boyer G. Fournier, Ph. Gardy, Ph. Martel, R. Merle, F. Pic (1989), *Le texte occitan de la période révolutionnaire (1788-1800)*, Montpellier, S.F.A.I.E.O, 443-72.
- \_\_\_ (1990), "Matériaux pour une approche des représentations socio-linguistiques. Elements de définition et parcours documentaire en diglossie", *Langue française* 85, 102-24.
- \_\_\_ (1990), *Clés sociolingüistiques pour le francitan*, Montpellier, CRDP.
- \_\_\_ (1993), "Les avatars du conflit diglossique en domaine occitan", *Encuentro de sociolingüística de La Nusia*, Universidad de Alicante (en prensa).
- Brunot, F. (1967), *Histoire de la langue française des origines à nos jours*, IX, X, XI, Paris, Librairie Armand Colin.
- Certeau, M., D. Julia, J. Revel (1975), *Une politique de la langue. La Révolution Française et les patois: L'enquête de Grégoire*, Paris, Gallimard.
- Chaurand, J. (1989), "1789-1989", *Le français moderne*, 57e année, avril, 1/2, 1-2.
- Fournier, G. (1991), "Usages de l'occitan dans la vie politique locale pendant la période révolutionnaire", *Dictionnaire des usages sociopolitiques (1770-1815)*, 5: *Langue, occitan, usages*, Publications de l'INALF, Paris, Klincksieck, 11-39.
- Gardy, Ph. (1988), "Sur la textualisation du *francitan* dans le temps long: mise en scène du changement linguistique comme *interlangues*", *Cahiers de linguistique de Nice* 9, 75-87.
- Gardy, Ph., R. Lafont (1981), "La diglossie comme conflit: l'exemple occitan", *Langages* 61, 75-91.
- Guilhaumou, J., D. Maldidier (1988), "La langue française à l'ordre du jour", *Mots* 16, 131-54
- Lafont, R. (1984), "Pour retrouver la diglossie", *Lengas* 15, 7-15.

- Martel, Ph. (1985), "Parler au peuple: Sisteron 1789", *Lengas* 18, 287-99.
- \_\_\_ (1989c), "Les textes occitans de la période révolutionnaire: un peu de géographie", in H. Boyer, G. Fournier, Ph. Gardy, Ph. Martel, R. Merle, F. Pic (1989), *Le texte occitan de la période révolutionnaire (1788-1800)*, Montpellier, S.F.A.I.E.O, 219-46.
- Mauron, Cl., F.X. Emmanuelli (dir.) (1986), *Textes politiques de l'époque révolutionnaire en langue provençale I*, Saint-Rémy-de-Provence, Centre de Recherches et d' Études Méridionales.
- Merle, R. (1987), "Langue d'Oc et parole populaire: mise en place des ethnotypes", *Amiras/Repères* 15-16, 27-48.
- Schlieben-Lange, B. (1985), "Les traductions de textes constitutionnels en occitan", *Lengas* 17, 97-127.
- Vecchio, S. (1989), "La langue de la liberté et liberté des langues à propos de glottophagie et de démocratie", *Le français moderne*, 57e année, avril, 1/2, 99-108.